



## **ACTA DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E DE ELECCIÓN DE ALCALDE, COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS MUNICIPAIS CELEBRADAS EN DATA 28 DE MAIO DE 2023.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Samos, sendo as trece horas do día **DEZASETE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTETRES**, en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e 37 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e para o efecto de levar a cabo a constitución do novo Concello de Samos, despois de ver os resultados das eleccións municipais celebradas en data 28 de maio de 2023, para a renovación da totalidade dos membros das corporacións locais, reúnen os Sres. Concelleiros electos nas Eleccións locais anteriormente sinaladas que son, segundo a orde en que figuran na Acta de Proclamación oficial de Candidatos remitida pola Xunta Electoral de Zona, os seguintes: D. Miguel Gallego Saavedra ( PP ), D. Martín Chaos Carballo ( PP ), D<sup>a</sup> Marisol Orille Díaz ( PP ), D. Martín López Quiroga ( PP ) , D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús López López ( BNG ) , D. Jose Manuel López Préstamo ( BNG ) , D<sup>a</sup> Nagari López López ( BNG ) , D. Jose Antonio García Jurjo ( PSDEG- PSOE ) e D. Jose Manuel Campo López ( PSDEG-PSOE ), aistidos pola Secretaria da Corporación, D<sup>a</sup> Luisa Fernández Pérez, que dá fe do acto.

### **1. Formación da Mesa de Idade.**

A continuación, a Secretaria da corporación, unha vez declarada aberta a sesión e dada lectura ao nome e apelidos dos Sres. Concelleiros electos , le o artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e en idénticos termos, o art. 37 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF):

*“1. As Corporacións municipais se constitúen en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se houberse presentado recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuxo suposto se constitúen o cuadraxésimo día posterior ás eleccións..*

*2. A tal fin, constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elexidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como secretario o que o sexa da Corporación.*

*3. A Mesa comproba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos electos con base ás certificacións que ao Concello houbera remitido a Xunta Electoral de Zona.*

*4. Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación se concurren a maioría absoluta dos concelleiros electos. En caso contrario, celebrarase sesión dous días*





*despois, quedando constituída a Corporación calquera que fora o número de concelleiros presentes”, e atendendo ao disposto neles, procédese a constituír a Mesa de Idade.*

## **2. Comprobación das credenciais dos Concelleiros e constituición do Concello.**

A Secretaria fai constar que con data 06 de xuño recibíuse da Xunta Electoral de Zona a Acta de proclamación oficial de candidatos electos, os cales foron enunciados ao principio da sesión, sobre a base da cal, cotexándoa cos datos do Padrón Municipal de Habitantes do Concello, procedeuse a comprobar quén son os Sres. Concelleiros electos de maior e menor idade, do que resulta que a Mesa de Idade quedará integrada por D. José Manuel Campo López, como Concelleiro electo de maior idade, que pasa a Presidila, e por Miguel Gallego Saavedra, Concelleiro electo de menor idade, actuando como Secretaria da Mesa, a da Corporación.

Unha vez constituída a Mesa de Idade a Secretaria da Mesa, aos efectos previstos no artigo 195.3 da LOREX e 37.3 do ROF, sinala que con anterioridade a este acto foron entregadas as credenciais dos nove concelleiros electos, cumprindo así o preceptuado polo art. 7 do ROF que sinala que os concelleiros que resultasen proclamados electos deberán presentar a credencial ante a Secretaría Xeral.

Procedese pola Mesa de Idade á comprobación de todas as credenciais presentadas polos electos cotexándoa coa Acta de Proclamación remitida pol Xunta Electoral de Zona. A continuación o Sr. Presidente da Mesa de Idade, visto que se cumpre o sinalado polo art. 195.4 da LOREX e o art. 37.4 do ROF de concurrencia de maioría absoluta de concelleiros electos, declara constituída a Corporación.

Seguidamente pola Secretaria do Concello dáse lectura ao art. 108.8 da LOREX “*no momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas Leis ou regulamentos respectivos*”, e ao art. 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL):

*“Os representantes locais, así como os membros non electos da Xunta de Goberno Local, formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos.*





*Formularán asimesmo declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información sobre as sociedades participadas por elas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades.*

*Tales declaracións, efectuadas nos modelos aprobados polos plenos respectivos, levaranse a cabo **antes da toma de posesión...***

Visto que tódolos concelleiros electos formularon as declaracións referidas, e visto que non houbo manifestación algunha de causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade á súa declaración, e que concorren a maioría absoluta dos Sres. Concelleiros electos, se procede nos termos sinalados no artigo 108.8 da LOREX e polo artigo 1 do Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, no que se sinala a fórmula regulamentaria establecida ao efecto:

*“No acto de toma de posesión de cargos ou funcións públicas na Administración, quen dea posesión formulará ao designado a seguinte pregunta: xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo... Con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?”*

*Esta pregunta será contestada por quen tome posesión cunha simple afirmativa.*

*A formula anterior poderá ser substituída polo xuramento ou promesa prestado persoalmente por quen vaia a tomar posesión, de cumprir fielmente as obrigas do cargo con lealdade ao Rei de gardar e facer gardar a **Constitución** como norma fundamental do Estado.”*

E se procede a prestar xuramento ou promesa por cada un dos Concelleiros electos, en primer lugar o Sr. Presidente da Mesa de Idade, D. Jose Manuel Campo López, seguido dos restantes Concelleiros no orde en que figuran na Acta de Proclamación oficial de Candidatos electos remitida pola Xunta Electoral de Zona:

“ Eu, Miguel Gallego Saavedra, prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro de Samos con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

“ Eu, Martín Chaos Carballo, prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro de Samos con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

“ Eu, Marisol Orille Díaz, prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro de Samos con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

“ Eu, Martín López Quiroga, prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro de Samos con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.





“ Eu, M<sup>a</sup> Jesús López López, prometo por imperativo legal e comprométome a defender os dereitos e intereses xerais da veciñanza de Samos e do Pobo Galego .

“ Eu, José Manuel Préstamo López, prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro de Samos con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

“ Eu, Nagari López López, prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro de Samos con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

“Eu, Jose Antonio García Jurjo, si prometo, pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro de Samos con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”

“ Eu, José Manuel Campo López, prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro de Samos con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Realizado este trámite, o Sr. Presidente da Mesa de Idade sinala que ésta DECLARA CONSTITUÍDA A CORPORACIÓN MUNICIPAL, constituída polos Sres. Concelleiros anteriormente sinalados.

### 3. Elección de Alcalde-Presidente.

Polo Sr. Presidente da Mesa de Idade, anúnciase que inmediatamente se procederá á elección do Alcalde, outorgando a palabra ó Secretario accidental municipal para que dé lectura as normas legais de aplicación, constituídas por:

Artigo 196.1 da LOREX:

*“Na mesma sesión de constitución da Corporación se procede á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:*

- a) Poden ser candidatos tódolos Concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.*
- b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.*

*c) Se ningún deles obtén a devandita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente Municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo.”*

Artigo 40 do ROF:

*“1. A elección e destitución de Alcalde ríxese polo disposto na lexislación electoral, sen prexuízo da aplicación das normas relativas ó réxime de sesións plenarias do Concello.*

*2. Quen resulte proclamado Alcalde tomará posesión ante o Pleno da Corporación, de acordo coa forma xeral establecida para a toma de posesión dos cargos públicos.*

*3. Se non se achara presente na sesión de Constitución, será requirido para tomar posesión no prazo de corenta e oito horas, igualmente ante o Pleno corporativo, coa advertencia de que,*





*caso de non facelo sen causa xustificada, estarase ao disposto na lexislación electoral para os casos de vacante na Alcaldía”.*

Artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril:

*“Antes de comezar o exercicio das súas funcións, o Alcalde deberá, xurar ou prometer o cargo ante o Concello Pleno”*

E artigo 60.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia:

*“Os Concelleiros son elexidos mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e segredo e o Alcalde é elexido polos Concelleiros ou polos veciños, todo elo nos termos que estableza a lexislación electoral xeral. “*

Procédese, por tanto, nos termos do artigo 196 da repetida Lei Orgánica, á proclamación de candidatos para a elección de Alcalde, entre os Concelleiros que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas Eleccións Locais, resultando presentados e proclamados os seguintes:

P.P.: D. Miguel Gallego Saavedra.

B.N.G.: D<sup>a</sup>. María Jesús López López.

O PSDEG-PSOE renuncia a presentar candidato a la Alcaldía .

Despois da proclamación dos candidatos se procede á elección do sistema de votación, para o que o Sr. Presidente da Mesa de Idade solicita do Secretario accidental que informe sobre os sistemas aplicables aos efectos.

O Secretario accidental informa: *“ Non existe previsión legal ou regulamentaria sobre a forma de votación polo que debe elixirse ao Alcalde-presidente. Nin na LOREX, nin na LBRL, nin na Lei 5/1997 de administración local de Galicia, nin no ROF, se determinada un concreto sistema de votación para esta elección.*





Así o artigo 73 da LBRL, establece:

“1. A determinación do número de membros das Corporacións locais, o procedemento para a súa elección, a duración do seu mandato e os supostos de inelexibilidade e incompatibilidade se regularán na lexislación electoral.”

*A lexislación electoral (196 LOREX) non dí nada agás a previsión do artigo 5, conforme ó que ninguén pode ser obrigado ou coaccionado baixo ningún pretexto no exercicio do seu dereito de sufraxio, nin a revelar o seu voto.*

*Por outra banda o artigo 102.3 do ROF establece que, “a votación secreta só poderá empreñarse para a elección ou destitución de persoas”*

*En consecuencia, dado que o artigo 196 da LOREX non se decanta por unha concreta forma de votación para a elección do Alcalde, esta poderá ser calquera das previstas no funcionamento normal da Corporación, é decir, ordinaria, nominal ou segreda, quedando a decisión do Pleno a forma de votación.*

*Non obstante o anterior se acadamos aos antecedentes históricos e lexislativos, atopámonos con que as normas reguladoras das eleccións locais de 1979 - Real decreto 581/1979, do 16 de marzo, e de 1983 - Real decreto 1169/1983, do 4 de maio-, establecían que a elección do Alcalde debería realizarse mediante “ papeleta segreda”.*

Procédese polo Pleno á elección do sistema de votación, adoptando por unanimidade o sistema de votación ordinario, obtendo o seguinte resultado:

**D. Miguel Gallego Saavedra (PP):** 4 (catro) votos a favor dos Sres. Concelleiros D. Miguel Gallego Saavedra, D. Martín Chaos Carballo, Dona Marisol Orille Díaz, e D. Martín López Quiroga, e 5 (cinco) votos en contra dos Sres. Concelleiros D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús López López, D. Jose Manuel López Préstamo, D<sup>a</sup>. Nagari López López , D. José Antonio García Jurjo e D. Jose Manuel López Préstamo.





**D<sup>a</sup>. María Jesús López López (BNG):** 5 (cinco) votos a favor da Sra. Concelleira D<sup>a</sup>. María Jesús López López, D. Jose Manuel López Préstamo, D<sup>a</sup> Nagari López López, D. Jose Antonio García Jurjo e D. Jose Manuel Campo López e 4 ( catro ) votos en contra do Sres. Concelleiros D. Miguel Gallego Saavedra, D. Martín Chaos Carballo, D<sup>a</sup> Marisol Orille Díaz e D. Martín López Quiroga .

En consecuencia e á vista do resultado da votación, o Sr. Presidente da Mesa de Idade procede a proclamar Alcalde-Presidente da Corporación a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús López López , cabeza de lista do BNG, o cal procede á aceptación do Cargo, formulando xuramento ou promesa nos termos do Real Decreto 707/1979, de 5 de abril:

“ *Eu, M<sup>a</sup> Jesús López López, prometo* por imperativo legal e comprométome a defender os dereitos e intereses xerais da veciñanza de Samos e do Pobo Galego ., quedando así posesionado no mesmo, pasando a presidir a sesión, cesando nas súas funcións os Sres. Concelleiros que forman a Mesa de Idade.

#### 4. Acta de arqueo e inventario do patrimonio da Corporación.

A continuación se procede a cumprir co preceptuado no número 2 do artigo 36 do repetido Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e para os efectos do preceptuado polo artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 33.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, cuxos documentos constan no expediente e a Secretaria Municipal procede a dar lectura á acta de arqueo extraordinaria redactada con motivo da Constitución da nova Corporación, acompañada de todos os certificados que xustifican as existencias en metálico ou en valores propios da Corporación, depositados na caixa municipal e en entidades bancarias, emitidas en datas 15 de xuño :

ENTIDADE ( Nº CONTA)	SALDO CONTABLE	SALDO BANCARIO
ABANCA	1.029.051,05 €	1.029.051,05

A Secretaria Municipal sinala que o último Inventario de Bens aprobado polo Pleno é o correspondente ao ano 1960.

A continuación, e despois de que o Sr. Alcalde-Presidente tomara a palabra para dirixir unhas palabras, cede a mesma ó Secretario accidental Municipal para que proceda á lectura do artigo 38 do ROF: “*Dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva, o Alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, a fin de resolver sobre os seguintes puntos:*

- Periodicidade de sesións do Pleno.*
- Creación e composición das comisións informativas permanentes.*
- Nomeamentos de representantes da Corporación en órganos colexiados, que sexan da competencia do Pleno.*
- Coñecemento das resolucións do Alcalde en materia de nomeamentos de Tenientes de Alcalde, membros da Comisión de Goberno, se debe existir, e Presidentes das*





*comisións informativas, así como das delegacións que a alcaldía estime oportuno conferir.”*

Seguidamente, o Sr. Alcalde-Presidente, dá por rematada a sesión ás trece horas e corenta minutos do expresado día, do que eu, como Secretario accidental, dou fe.

A Alcaldesa,

A Secretaria ,

Asdo.- M<sup>a</sup> Jesus López López .

Asdo.- Luisa Fernández Pérez

